



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO
CONCELLO O DÍA DEZ DE NOVEMBRO DO DOUS MIL CINCO.**

ASISTENTES

ALCALDE-PRESIDENTE

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS

D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, D. José Luis Docampo Fortes, D. Rafael Luis Fernández Amor, D. César Ricardo Naval Parapar, D^a. María Rebeca Fernández Martínez, D^a. Ana María Basanta Tojo, D. José Antonio Goás Basanta, D. César Aja Mariño, D. José Joaquín Gayoso Roca, D. Guillermo Leal Arias, D. Justo Vicente Vázquez Chao, D. Antonio Solla Díaz, D^a. Marta Pérez Lage, D^a. Rosario Canoura Labayén, D. Antonio José Bouza Rodil e D. Orlando Expósito Mariño.

SECRETARIA

D^a. Sara Martínez Álvarez

NON ASISTE CON EXCUSA

D. Fidel García Martul

Na Casa do Excmo. Ayuntamiento de VIVEIRO, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dez de novembro do dous mil cinco, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria, D^a. Sara Martínez Álvarez, celébrase sesión ordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde, declárase aberto o mesmo.

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓN
ORDINARIA DO DÍA 8 DE SETEMBRO E EXTRAORDINARIA DO DÍA 20 DE
OUTUBRO DE 2005.**

Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, pregúntase aos Sres. Concelleiros se teñen algunha rectificación ou aclaración que facer ao acta da sesión ordinaria celebrada o día 8 de setembro do 2005, e ao non producirse ningunha o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), acorda prestarlle a súa aprobación.

A continuación, polo Sr. Alcalde se pregunta aos Concelleiros se teñen algunha obxección ou puntualización que facer á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 20 de outubro do 2005, e non producíndose ningunha, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda prestalle a súa aprobación.

**2º.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA OBRA:
“POSTO DE VIXIANZA DA GARDA CIVIL DO MAR”.**



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

Polo Sr. Alcalde-presidente D. Melchor Roel Rivas, dáse conta da proposta de adxudicación elaborada pola Mesa de Contratación, na reunión celebrada o día 28-10-05; dando lectura a seguir, da mesma que literalmente di:

“A Mesa de Contratación do concurso público convocado polo Excmo. Concello de Viveiro para contratar a obra Posto de Vixianza da Garda Civil do Mar” eleva ante o Pleno do Concello proposta de adxudicación do devandito contrato, a favor de “Construcciones y Transportes Paulino González, S.L.”, por ser a única das proposicións presentadas, cunha oferta que ten como características fundamentais as seguintes:

Prezo de execución das obras: 145.516,36 €uros, IVE incluído.

Prazo de execución: TRES MESES.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese unicamente a do Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, que pregunta polo lugar de ubicación, se se vai a situar na zona axardinada do peirao.

En contestación o Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Fernández Amor, resposta que non se situa na zona axardinada, senón onde se atopa a mariña seca.

Procédese a efectuar a votación e o Pleno da Corporación, co voto favorable dos seus membros (17), por unanimidade, acorda adxudicar á empresa PAULINO GONZÁLEZ S.L., a contratación da obra denominada “POSTO DE VIXIANZA DA GARDA CIVIL DO MAR”, no prezo de cento corenta e cinco mil cincocentos dezaseis euros, con trinta e seis céntimos (145.516,36), IVE incluído, cun prazo de execución da mesma, de TRES MESES.

Comuníquese o presente acordo ao departamento municipal de Contratación e Obras para a preceptiva tramitación.

3º.- PROPOSTA DE EJERCIZO DE ACCIÓNS PENAIS CONTRA TESTEMUÑA EN XUIZO DO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO 171/2005.

Polo Sr. Alcalde-presidente dáse lectura da proposta de acordo, que literalmente dí:

“Á vista das manifestacións de D. Fabián Cazás García, verquidas no acto do xuízo do recurso contencioso-administrativo tramitado ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo có número 171/2005, na data de 2 de novembro de 2005, e tras un análise das mesmas, recollidas na acta do Xuízo, se adopta o acordo de facultar aos procuradores e letrados deste Concello para que exerciten as accións penais que poidan corresponder ante a posibilidade de que aquelas se axusten á realidade.

En efecto, ditas manifestacións contradicen frontalmente o declarado ante este Concello polo Sarxento e Cabo da Policía Local, así como, polo empregado do Motel “Las Sirenas”, Don Enrique Rouco García. De resultar falsas as manifestacións do Sr. Cazás García, as mesmas poderían producir gravísimos prexuízos aos intereses deste Concello. Ademáis, o Concello vese na necesidade de adoptar esta postura para defender as actuacións realizadas dentro do seu ámbito funcional polo Sarxento e o Cabo da



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

Policía Local”. Engadindo seguidamente, que tales manifestacións supoñen un ataque á fé pública dos que emitiron o citado informe.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese en primeiro lugar a do Concelleiro do PP, D. José Joaquín Gayoso Roca, indicando que, cando xurdíu o problema que deu orixe a este procedemento xudicial, a el mesmo convocouse a unha Xunta de Voceiros, non obstante dí que agora non se tivo en conta aos Grupos da oposición e unicamente se lles facilita un papel, que le o Sr. Alcalde, ao que aclara que a fé pública non a ten a Policía Local, senón a Secretaría municipal, naquelas esferas da súa atribución, xa que indica, que se á Policía Local lle asistira a fé pública entón non se poderían recurrir as multas..., para seguidamente voltar ao asunto concreto da orde do día, sinalando que lle gustaría ter copia da acta da declaración no xuízo, xa que non a coñece; igualmente dí, se se exercitou libramento de testemuña para o exercizo de accións penais ao Sr. Maxistado-Xuiz de Lugo.

Finalmente dí que teñen que contestar a esas preguntas xa que o asunto non pasou por unha Comisión Informativa e non cumpre co discurso legalista da toma de posesión do Sr. Alcalde.

Polo Sr. Alcalde, en contestación se manifesta que o asunto queda sobre a mesa para ser tratado nunha sesión posterior, esperando que o Grupo do PP vexa que esa persoa dixo o contrario ao informe da Policía Local e aprobe o exercizo de accións penais contra a mesma.

O Concelleiro do PP, D. José Joaquín Gayoso Roca, pregunta se pode intervir, autorizándoo o Sr. Alcalde, que seguidamente afirma que se un funcionario fai afirmacións falsas pode ser inculpado de prevaricación, ao que o Concelleiro do PP citado, dí que a falsidade non quita nada á fé pública que a exerce, no caso do Concello, a Secretaría municipal, recalando que o seu Grupo non pensa en esconderse e non se ían a abster senon a votar en contra, puntualizando que o que vaían a votar será o que decidan os concelleiros do PP e non o que diga o P S de G-PSOE.

Polo Sr. Alcalde puntualízase que o termo por el empregado foi “espero”, non “pido”.

Non se producen máis intervencións polo que o asunto queda sobre a mesa coa conformidade de todos os concelleiros.

4º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE CULTURA SOBRE A DECLARACIÓN DO 2006 COMO ANO LOIS TOBIO.

O Alcalde-Presidente, D. Melchor Roel Rivas, outorga o uso da palabra ao Concelleiro de Cultura, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, que le a proposta. Aclarando a seguir o cuarto punto da mesma, indicando que xa se tratou na Comisión, e que está pendente de concretar.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese unicamente a do voceiro do PP, D. César Aja Mariño, que se manifesta dacordo co contido da Moción, e lembra que xa



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

existe neste Concello un Colexio Público co nome de Lois Tobío, e pide que se lembre tamén a outros persoaxes insignes de Viveiro.

Procédese a efectuar a votación e o Pleno da Corporación, co voto favorable dos seus membros (17), por unanimidade, acorda aprobar a dita proposta que textualmente transcrita di:

“No vindeiro ano 2006, concretamente o 13 de xuño, cúmprese os cen anos do nacemento en Viveiro de Lois Tobío. É esta unha data que non pode, nen debe, pasar desapercibida.

É por iso que, como Concelleiro de Cultura, presento á consideración do Pleno da Corporación Municipal, a seguinte proposta:

1º.- Que o Pleno da Corporación municipal de Viveiro declare o 2006 como ANO LOIS TOBIO.

2º.- Que todas as convocatorias de actos organizados polo Concello de Viveiro durante o 2006 leven como lema: “2006:ANO LOIS TOBIO”.

3º.- Que o Concello de Viveiro se dirixa á Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia solicitando a colaboración económica para celebrar en Viveiro un congreso sobre Lois Tobío.

4º.- Que a comenzos do ano 2006 se de o nome de Lois Tobío a un lugar público de Viveiro (praza, rúa ou xardín) que decida a Corporación Municipal”.

5º.- MOCION DO PP RELATIVA A REXEITAMENTO DA PROPOSICIÓN DE LEI DUN NOVO ESTATUTO PARA CATALUÑA.

Polo voceiro do PP, D. César Aja Mariño, dáse lectura da moción, que di:

“El día 30 de septiembre de 2005, el Parlamento de Cataluña ha aprobado un proyecto para un nuevo Estatuto en Cataluña. La aprobación de esta propuesta de reforma representa en realidad una reforma constitucional encubierta y supone un desafío al pacto constitucional de 1978 sobre el que se ha sustentado nuestra convivencia democrática durante más de veinticinco años.

El texto de este Estatuto, abiertamente contrario a la Norma Fundamental de todos los españoles, define a Cataluña como una Nación, establece una relación de igual a igual entre Cataluña y España como si fueran dos realidades diferentes y dota a esta Comunidad de un modelo de financiación de carácter bilateral ajeno al principio de solidaridad.

Es evidente que con la aprobación de este Estatuto, nuestro país está viviendo uno de los momentos más graves de su historia democrática. Todas las instituciones que conforman España y especialmente todos los Entes Locales que la integran y vertebran, han de colaborar para mantener el espíritu de consenso de 1978 y el respeto a la Constitución que todos nos dimos, a fin de que España siga siendo una realidad unida, plural y solidaria, que garantice la igualdad entre los españoles y una financiación suficiente que permita el acceso de todos los ciudadanos a los mismos servicios públicos de calidad.

Por ello, desde el Partido Popular de Viveiro rechazamos esta reforma estatutaria que, de consumarse, supondría una reforma en toda regla de nuestro modelo de Estado, a través



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

de un procedimiento que no es el constitucionalmente previsto, sin contar con la necesaria consulta a todo el pueblo español.

Por todo lo anteriormente expuesto, se somete a la consideración del Pleno la aprobación de los siguientes acuerdos:

1.- El ayuntamiento de Viveiro manifiesta su rechazo a la Proposición de Ley por la que se aprueba un nuevo Estatuto para Cataluña, por ser contraria a la Constitución española de 1978, vulnerar la igualdad de todos los españoles y romper el equilibrio y la solidaridad entre las regiones y nacionalidades que integran el Estado español.

2.- El Ayuntamiento de Viveiro afirma que la única Nación, de acuerdo con la Constitución de 1978, es la Nación española, patria común e indivisible de todos los españoles, y considera incompatible con esta proclamación el reconocimiento como nación de cualquier Comunidad Autónoma, así como la idea de España como un Estado plurinacional.

3.- El Ayuntamiento de Viveiro manifiesta su rechazo rotundo a que mediante pretendidas reformas estatutarias se proceda a una reforma constitucional encubierta, sin respetar los procedimientos constitucionalmente establecidos, sin obtener el respaldo parlamentario exigido y sin contar con la opinión del pueblo soberano.

4.- El Ayuntamiento de Viveiro rechaza cualquier acto bilateral sobre financiación autonómica por considerarlo injusto, insolidario, gravemente perjudicial para los intereses de nuestra Comunidad Autónoma y el resto de España y por perjudicar el acceso de todos los ciudadanos a unos servicios públicos de calidad y en condiciones de igualdad.

5.- El Ayuntamiento de Viveiro pide a los Diputados y Senadores elegidos en las circunscripciones electores comprendidas en esta Comunidad Autónoma que rechacen con sus votos la aprobación en las Cortes del Nuevo Estatuto de Autonomía de Cataluña.”

Seguidamente polo Sr. Alcalde-Presidente, D. Melchor Roel Rivas, maniféstase que non é nada novo no Partido Popular facer súas outras propostas citando o abandono do Sr. Fraga Iribarne dunha sesión da Comisión Constituínte, por considerar que o termo nacionalidade vulneraba a unidade da nación española, indicando que non obstante, máis tarde retornou a dita Comisión. Continúa dicindo que cando o goberno do PP no Estado necesitou dos votos de Convergencia e Unió, o PP aprobou a investidura de Jordi Pujol. Seguidamente refírese a que este Estatuto está a seguir os trámites que as normas constitucionais establecen, e que polo tanto non se está a romper ningunha das regras do xogo, e que cando se aprobe, terá que voltar a Cataluña para que o aprobe o Parlamento Catalán, e que o mesmo ocurrirá coa modificación do Estatuto de Galicia. Finalmente, lembra que o Partido Popular nas Cortes foi o único que votou en contra da toma en consideración do novo Estatuto, e que a Constitución ten que defenderse día a día e non soamente sobre o papel.

Na súa quenda, intervén o voceiro do BNG, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, que dí que Galicia é unha Nación e ten dereito á autodeterminación, lendo a



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

continuación un texto, e afirmando que a Constitución pódese modificar e que agora que naceu unha tal Leo, o PP di que é preciso modificar a Constitución.

Neste intre intervén o Concelleiro do PP, Sr. Gayoso Roca, que indica ao voceiro do BNG que as afirmacións feitas se llas transmitan ao PSOE, que é quen propón modificar a Constitución polo motivo dese nacemento.

O Sr. Alcalde roga ao público que se absteña de interrompir, e igualmente roga aos Concelleiros non interrompan as intervencións dos que se atopan no uso da palabra, lembrando as funcións que lle competen como Alcalde-Presidente para dirixir e ordear os debates.

Continúa na súa quenda o voceiro do BNG citando un artigo do representante do BNG no parlamento do Estado, Francisco Rodríguez: efecto hipnótico da nai España, e da Galicia subsidiada, e da concepción mítica, inquisitorial e irracional do Estado que ten o Partido Popular, engadindo que está claro que él vai votar en contra desta Moción, e lamentando que se deixe arrastrar o PP de Viveiro polos ultras de Madrid: Zaplana, Acebes e compañía.

Seguidamente, intervén o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, que dí que esta Moción respón a unha estratexia do PP, e que, evidentemente, él vai votar en contra dela.

A continuación, o Concelleiro do PP, Sr. Gayoso Roca, solicita intervir, aceptando e otorgándolle o uso da palabra o Sr. Alcalde; dicindo o citado Concelleiro do PP que non vai abundar nos conceptos de Nación, pois o que non se dixo é que o Estado Nación supuxo a abolición dos privilexios dos señores da Idade Media, señoritos que agora algúns partidos reclaman como mártires da Patria, indicando que o Estado Nación é a superación de todos eses privilexios, e que aínda que a él mesmo non lle guste Azaña, vai citar unha referencia deste, relativa á falta de solidariedade nacional. Continúa dicindo que España foi a primeira confederación do mundo, puntualizando que él mesmo case prefire o Estado Federal que esta desfeita de agora, xa que no sistema federal, todos os que o integran teñen os mesmos dereitos e as mesmas obrigas, aínda que dí que chamar Estado Federal á URSS, non lle parece o máis doado xa que se sabe que as Repúblicas integrantes dese Estado ían votar o que entendera unha delas, ou sexa, Rusia, e que para non ferir sensibilidades prefire poñer como exemplo de Federación, a Confederación Helvética, para afirmar a seguir, que non lle ten medo a unha República no noso país, pero que eso o teñen que decidir todos os españois, incluídos todos os nacionalistas cataláns e galegos. Engade que non lle quere lembrar o que é o dereito á autodeterminación na carta das Nacións Unidas, con respecto ás Colonias, e que se a Constitución di como se constitúe España, e quenes son as persoas, este texto está por enriba dos Reis, e que a revolución americana, que foi a que máis influíu no mundo-non como outra que ficou nun directorio- e por moito que se admitira a trámite e que si alguén leu a Moción do PP, non se refiere a iso, senón que rexeita a aprobación dese Estatuto para Cataluña, e que isto non llo pide ao PSOE, senon ó Partido Nacionalista Galego, é dicir, ao BNG, insistindo sobre o extremo de que non lle asusta unha República, e indicando a o dito polo voceiro do BNG que os impostos non os pagan os territorios, senón as persoas, e parafrasea a Rodríguez Ibarra, que dí “agora os pobres explotamos aos ricos”, para ler a seguir, unhas conclusións do Sr. Barea que antes, dí,



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

citaba moito o PSOE, e que conclúe que a aprobación das medidas que contempla o Estatuto de Cataluña, suporán 86.000 millóns de euros menos de ingresos para o Estado, xa que dese territorio soamente ingresarían pouco mais do 1,2 do PIB, por loterías e premios, polo que non se tería nin para abrir os Ministerios, citando as afirmacións do Presidente catalán no periodico ABC do vinteseis de novembro que afirmaba: “Se se aplica o que propoñemos, alguén vai ter que recibir menos”.

Neste momento o Sr. Alcalde pide que non se repitan as interrupcións por parte dunha persona do público, sinalando que ata a data nunca se produxo esta situación.

Continuando na súa intervención o citado Concelleiro do PP, Sr. Gayoso Roca, dí que aínda que se estendeu bastante, quere facer unhas conclusións sobre os dereitos históricos de Navarra e o País Vasco; di que España foi o primeiro país confederado, e que Navarra, que era un reino independente, entrou despois de Granada a formar parte de España, e lembra a Lei Pacionada, e se pregunta a seguir, ¿por qué existen os concertos das provincias vascas?, e resposta él mesmo que estes territorios tiñan dous dereitos sobre o resto dos territorios da Península: 1.- Non tiñan a obriga de ir ao exército, e 2.- Non pagaban impostos á Coroa; e que podería seguir con este temario, citando asuntos como o réxime lingüístico, o sistema e fontes do dereito, a financiación, etc., indicando finalmente que este escrito plagado de máis de noventa artigos, titulase “conclusión xerais sobre o dictame do Estatuto de Cataluña”, e quen queira o pode baixar de Internet, e que foi elaborado nun congreso do PSOE, e que este partido se está dando un autogolpe, pois os propios Estatutos do PSOE, lle obrigan a respectar o acadado nos seus congresos, e que nese congreso o PSOE acordou algo que non ten que ver con este Estatuto.

Ante unha breve intervención do voceiro do PP, Sr. Aja Mariño, referida a que o acordo do primeiro goberno da Aznar con Pujol, levouse a cabo no hotel Majestic no ano 2001 con luz e taquígrafos, resposta por alusións ao Sr. Alcalde-Presidente, dicindo que él non se refiriu ao acordo do pacto do Goberno do Estado, senon, ao acto da derradeira investidura de Pujol como Presidente do Goberno de Cataluña.

En contestación por alusións, o voceiro do BNG, Sr. Rodríguez Guerreiro, resposta ao Concelleiro Gayoso Roca que Internet fai maravillas, e que él mesmo non se sente identificado con ningún señorito, que os hai de corta e pega, e doutras clases, pero que hai que ceñirse ao que dí a Moción do PP, xa que se queremos dar charlas sempre poderemos ir a Internet.

Polo Concelleiro de IU-EU, se intervén para felicitar ao Sr. Gayoso polas súas verbas de que non ten problemas coa República nin cos Estados Federados, e lémbrollle que o Presidente da Comunidade Valenciana, Sr. Camps pediu para a Comunidade Valenciana o que quere Cataluña.

Seguidamente intervén o voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Fernández Amor, que dí que queren facer unha matización, indicándolle o Sr. Alcalde-presidente que sexa moi breve pois se leva moito tempo co debate deste punto, e as posicións están suficientemente claras.

Dito Voceiro puntualiza que estas son historias para durmir, en vez de para non durmir, aínda que lle recoñeza que empeza a cambiar algo, porque o voceiro suplente do



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

PP está a falar de repúblicas e estados federados, aínda que lle pida máis concreción na exposición.

En contestación, o Sr. Gayoso Roca, di literalmente: “Mi querido Rafael, imaxino que non lle gusta a miña intervención, aínda que parte destas historias saen...

Neste intre, o Concelleiro de IU-EU termina esa frase dicindo “de Internet”.

Continuando el Sr. Gayoso Roca e confirmando que de Internet, dos libros, etc.

Procédese a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación, por maioría de nove votos en contra (PS de G-PSOE, BNG e IU-EU), e oito votos a favor, acorda desestimar a Moción do Partido Popular relativa a rexeitamento da proposición de lei dun novo Estatuto para Cataluña.

6º.- MOCIÓN DO P.P. RELATIVA SOBRE REQUIRIMENTO AO GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA PARA DEIXAR SEN EFECTO ANULACIÓN DE PROXECTOS DE ACTUACIÓN DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO

Polo voceiro do PP, D. César Aja Mariño, dáse lectura da moción, que di:

“A Administración Municipal configúrase no Artigo 140 do noso texto constitucional como a forma de xestión dos intereses públicos máis achegada os cidadáns. Garante a nosa Carta Magna a Autonomía Municipal na xestión das súas competencias e para que esta Autonomía sea completa así mesmo recoñécese a capacidade de obrar con personalidade xurídica plena e así mesmo no artigo 142 da nosa “ Lei de Leis” a autonomía económica, e decir, que as facendas locais dispoñían de fondos suficientes para o desempeño das función que a lei atribúe as Corporacións respectivas e nutríranse fundamentalmente de tributos propios e da participación nos do Estado e das Comunidades Autónomas.

A Constitución Española establece a necesidade de que os Concellos que xestionan a Administración municipal determinen as necesidades que teñen en canto a prestación de servizos ós seus cidadáns, sempre da cordo coa ley que desenvolve á propia Constitución. Esa é a Lei de Bases de Réxime Local na que se fixan unha serie de servizos que son básicos e de obrigatoria prestación por todos os municipios, referímonos entre outros os servizos de saneamento e abastecemento.

Para prestar eses servizos obrigatorios como sinalamos anteriormente os Concellos deben valerse de fondos propios, pero tamén ser axudados pola Administración Estatal, e como non pola Administración Autonómica, que aínda mellor pode coñecer e ser máis receptiva as súas necesidades de financiamento.

Neste sentido o goberno da Xunta de Galicia, a través dunha sociedade autonómica que é a empresa pública Obras e Servizos Hidráulicos veu a aprobar o financiamento dunha serie de proxectos de diversa índole, pero fundamentalmente de abastecemento e saneamento, no ámbito rural de numerosos concellos de Galicia. A finalidade é atender como indicamos anteriormente as deficiencias de financiamento dos Concellos afectados, xa que cos medios propios non podían chegar a realizar estas obras, que por outra parte debían acometerse sen dilación, tanto por ser servizos de obrigatoria prestación municipal, coma por tratarse no caso dos abastecementos dunha necesidade imperiosa de tipo social e humano, e mais nun ano coma o actual cos graves problemas da auga que temos a causa da seca.



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

Para a execución de tales proxectos lévase a cabo a tramitación administrativa pertinente, que chega ata a licitación pública, para que se poidan realizar a execución das obras, que estaban a piques de comezar.

Estando neste paso da tramitación administrativa (licitadas públicamente as obras a acometer), prodúcese un cambio de goberno na Xunta, e de forma unilateral, sen contar para nada cos concellos afectados, sin ter en conta o perxuízo que tal decisión poida acarrear os cidadáns destinatarios dos servizos, decídese por parte da Consellería de Medio Ambiente, “ deixar sen efecto a licitación dos contratos administrativos de execución de obra” e “ dase por finalizado os procedementos administrativos de contratación na súa integridade”, procédese o arquivo dos expedentes de licitación e de gasto e demais trámites e actuacións realizadas”.

Esta decisión supón non respectar unha actuación da Administración lexitimamente realizada, non respectar unha decisión dun goberno anterior legalmente adoptada dentro das súas facultades de decisión, e penalizando de forma inxusta e arbitraria os destinatarios de tales actuacións.

De acordo con todo o exposto solicitamos que por parte do Pleno do Concello de Viveiro se aprobe a seguinte moción:

Requerir do Goberno da Xunta de Galicia que se proceda a deixar sen efecto as anulacións de proxectos que pretendían actuacións de abastecemento e saneamento en 21 concellos de Galicia, a realizar pola empresa pública Obras e Servizos hidráulicos, para que poidan seguir adiante dado que:

- Se consideran obras de máxima necesidade por tratar de dar cobertura a servizos básicos os cidadáns.
- Son obras no medio rural tan necesitado de actuacións que favorezan o incremento da calidade de vida e en consecuencia permitan fixar poboación neste ámbito.
- Son obras que tratan de correxir as desigualdades tradicionais entre o rural e o urban”

Polo Sr. Alcalde-presidente maniféstase que van rexeitar a moción pois hai, dí, motivos de índole legal para non acometer ditos proxectos e que a Consellería de Medio Ambiente considerou que ditas obras non reunían os requisitos, que se houbera outras razóns discriminatorias, considera que a propia FEGAMP actuaría.

Seguidamente na súa quenda, o Voceiro do BNG e primeiro Tenente de Alcalde, D. Francisco Luís Rodríguez Guerreiro, comeza a intervención formulándose a seguinte pregunta: ¿Por que non se presenta polo PP unha moción igual para as obras no medio rural?, indicando a seguir que as obras referidas na moción adxudicáronse despois de celebrarse as eleccións autonómicas en xullo pasado e por un goberno en funcións; que o equipo do Concelleiro, D. José Manuel Barreiro adxudicou obras por valor de máis de vinte catro millóns de Euros e que cincuenta desas actuacións adicábanse a Concellos gobernados polo PP, un polo BNG, un polo PS de G-PSOE, e un por independentes. Que lonxe de atender a un criterio de obxectividade, dí que se seguiu un criterio partidista, cunha busca de apoio para o debate sucesorio do PP en Galicia, entendendo que se fixo moito electoralismo e pouca planificación, o que dí, motivou que o Conselleiro o revisara, indicando a seguir que na Consellería de Medio Rural soamente o 15% da financiación correspondería á anualidade do 2005, polo que o 85% comprometéase para exercizos económicos vindeiros, concluíndo que é de Xulgado de Garda, e que no Plan de Infraestruturas figuraba a construción de beirarrúas, mesmo construción de piscinas; polo que a Consellería tomou a decisión de suspender as contratacións para non facer



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

cacicadas, verbo certificacións falsas. Que se vai falar cos Concellos, afirmando a continuación que o Goberno do PP foi incapaz de levar a cabo políticas estruturais e obras de infraestrutura básica, que é o mesmo PP que agora de xeito demagórico, dí, esixe que outros desenvolvan en seis meses o que eles non fixeron en dezaseis anos, polo que non van a apoiar a moción, ademais dí que en Viveiro non se suspendeu ningunha obra.

Polo Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, indícase que houbo obras que se levaron a cabo con autorizacións de Augas de Galicia, sen determinar por donde se pasaba; decindo que concretamente en Landrove non había coñecemento do Proxecto, mencioando a seguir a atención exquisita da empresa COPASA, que executa as obras.

Nunha segunda quenda de intervencións, prodúcese a do Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, que dí que o que se está a tratar é que uns Concellos tiñan autorizadas e adxudicadas unhas obras e se anularen, e que en Viveiro había un Convenio asinado e se cumpriu e se executou, e que se houbera algo ilegal na adxudicación, se iría ao Xulgado; sinalando que o Goberno autonómico atopábase en funcións, non obstante ten que dicir que relativamente, pois nas eleccións autonómicas a maioría de Diputados a tiña o PP. A continuación sinala que se suspenderon obras moi importantes, tales como o Plan Hidrolóxico Nacional...e que se existen certificacións falsas dí que se denuncien nos xulgados.

En canto ás políticas estruturais, continúaa decindo, que cada goberno fai as que considera mellor ou peor, afirmando a seguir. “Non lancemos foguetes pois os incendios que houbo este verán non os houbo fai moito tempo”.

En contestación o Sr. Alcalde dí que non se pode discutir eternamente polos incendios, para a continuación ante unha pregunta do Voceiro do PP, relativa a se están adquiridos todos os terreos do Landro, respondendo o interpelado que faltan dous; ao que o citado Voceiro do PP dí, que como conta tantas mentiras...

Polo Sr. alcalde solicítase á Secretaría que a dita afirmación se recolla na acta.

Finalmente o Voceiro do BNG, dí que aqueles afectados pola suspensión desas obras poden acudir ao Xulgado e reitera os argumentos ditos na primeira intervención, indicado que de certificacións falsas non vai falar, nin destas nin daquelas.

Antes de proceder á votación polo voceiro do PP sinálase que o Concelleiro de Medio Ambiente é do PS de G-PSOE.

E O Pleno da Corporación por Maioría de nove votos en contra (PS de G-PSOE, BNG e IU-EU) e oito votos a favor (PP), acorda rexeitar a moción do PP de requirimento ao Goberno da Xunta de Galicia para deixar sen efecto as anulacións de proxectos de actuacións de abastecemento e saneamento.

7º.- MOCIÓN DO P.P. INSTANDO AO GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA A QUE DESISTA DA REFORMA Á ACTUAL LEI ELECTORAL DE GALICIA, NOS TERMOS QUE SE PROPOÑEN.

Polo voceiro do PP, D. César Aja Mariño, dáse lectura da moción, que di:

“Diante do anuncio efectuado polo Goberno Galego, a través do Sr. Consellerio da Presidencia, Administración Públicas e Xustiza, encamiñado á modificación da Lei Electoral de Galicia, e en particular a diminución do número de deputados a elixir para



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

o Parlamento Galego polas provincias de Lugo e Ourense, e tendo en conta que esta decisión suporía unha discriminación destas provincias,

Solicitamos que por parte do Pleno desta Corporación se aprobe a seguinte moción:

1º.- Instar ó Goberno da Xunta de Galicia a que desista da súa intención de reforma a actual Lei Electoral de Galicia nos termos que se propoñen, porque a súa modificación unicamente se propón baseándose en criterios de réditos estrictamente electorais e produciría un grave agravio para as provincias de Lugo e Ourense.

2º.- Demandar políticas de consenso nos asuntos de materia lexislativa que afectan a cuestións esenciais para Galicia, como e a súa lexislación electoral.

3º.- Darlles traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galicia e aos presidentes dos partidos políticos con representación no Parlamento de Galicia.

Polo Sr. Alcalde maniféstase que non van a rexeitar algo que aínda non existe, e que cando o Goberno da Xunta de Galicia o presente enton o discutirán, pero que neste momento o único que hai é unha intención de reforma, polo que non van a entrar nun debate polo momento.

Seguidamente o Voceiro do BNG, D. Francisco Luís Rodríguez Guerreiro expón que non cómpre o debate deste asunto polo Concello, xa que lle corresponde ao Parlamento de Galicia, e que non hai ponencia e polo tanto non hai debate. Que o único que existe é unha entrevista. Que se se quere saber a posición do BNG sobre o asunto, esta é clara e explícita nos acordos acadados có PS de G-PSOE, lendo a seguir un texto.

Polo Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, se indica que non lle extrana a preocupación amosada polo PP, pois dí que a última reforma feita por ese perxudicou moito a outros Partidos e que se esta reforma de agora se leva adiante, pode deixar sen deputados a Ourense e Lugo.

En contestación o Voceiro do PP, expon que hai un anuncio do Conselleiro que dí que vai perder representación Lugo e Ourense, e dí: “Nos vivimos en Lugo”; engadindo que as perspectivas electorais non son fixas nin constantes. Que os cambios se están a producir máis nas zonas máis poboadas, é dicir, as urbanas. Que se observa esta tendencia desde o ano 1978. Que aquí se vai perder representatividade nas provincias citadas, e que isto perxudica ao PP, pero non o perxudicaría desde o punto de vista de que os cambios nas tendencias de voto inicianse nas zonas urbanas e que a política ten os seus ciclos...

Non se producen outras intervencións, polo que se procede a efectuar a votación e o Pleno da Corporación por maioría de nove votos en contra (PS deG-PSOE, BNG e IU-EU) e oito a favor (PP), acorda rexeitar a moción do PP de instar ao Goberno da Xunta de Galicia a que desista da reforma á actuañ Lei Electoral de Galicia, nos termos que se propoñen.



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

8º.- APROBACIÓN DO DICTAME DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA GASTOS DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS, FESTAS, DE PROMOCIÓN TURÍSTICA E OUTROS.

Polo Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Fernández Amor, se expón a proposta, que dí, se dictaminou de xeito favorable pola Comisión Informativa de Economía e Facenda, lendo a seguir a mesma.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese en primeiro lugar a do Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, que dí que moitas destas facturas son para festas. Que a parte da memoria da Alcaldía, observa que no informe emitido polo Sr. Interventor se dí que sería máis prudente determinar o remanente de Tesourería, polo que se informa de xeito desfavorable, e seguidamente le o citado, que nun parágrafo dí: “Se recomienda a la Alcaldía...Se condiciona a su corrección”. “Debe haber una justificación del interés público municipal”, referido á comida do Sindicato Nacional de Policía; Polo que conclúe dicindo que á vista do contido do informe de Intervención o seu Grupo vai votar en contra.

En contestación, o Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Fernández Amor, manifesta que cando se está a citar un informe non se pode ler parte, senón que hai que ler os parágrafos completos, engadindo que no informe de Intervención non hai advertencias de ilegalidade senón recomendacións e que o Grupo do PP si que sabe o que son as cousas a medias xa que teñen facturas pendentes de hoteis, restaurantes e toda unha parafernalia de gastos.

Neste intre o Voceiro do BNG, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, indica que a lectura do Informe feita polo Voceiro do PP, é tan burda que non merece contestación.

Polo Sr. Alcalde maniféstase que se están a facer as cousas polo Grupo de Goberno da mesma maneira que noutros exercizos orzamentarios, e se fixeron daquela segundo as indicacións do entón Interventor, D. Fernando Martínez de Arriba. Nestes momentos o Interventor, D. Fidel García Martul, entende que é máis prudente esperar á liquidación do final do exercizo para aboar as facturas, aínda que o Grupo de Goberno prefere pagar aos provedores.

Nunha nova intervención do Voceiro do PP, en contestación ao Voceiro do PS de G-PSOE, dí que o PP non tiña nada escondido no caixón, o que si existen son as facturas pendentes de aprobación de exercizos anteriores, que sempre se reflectiron.. Que cada cal le o que quere. Que se non hai facturas no caixón lle pediría ao Interventor que emitira informe de que non hai facturas pendentes de consignación, para seguidamente citar dun xeito textual o reiterado informe que dí : “informe desfavorable no que se refire á financiación do expediente de crédito.

Por alusións contesta o Voceiro do PS de G-PSOE, dicindo que lle extraña moito que as facturas figuraran no Orzamento, xa que non existen, entendendo que máis ben estarían na mente de César Aja, e que os queren poñer de tontos.

Procédese a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación por maioría de nove votos a favor (PS de G-PSOE, BNG e IU-EU) e oito votos en contraa (PP), acorda aprobar o suplemento de crédito para gastos de actividades deportivas, festas, de promoción turística e outras, segundo a relación seguinte:

Número de Rexistro	Data Rexistro	Número de Documento	Data Documento	Importe Factura
2005/205	14/02/2005	731	08/01/2005	6.960,00
2005/206	14/02/2005	732	08/01/2005	7.830,00



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

2005/380	10/03/2005	49/05	01/03/2005	3.422,41
2005/390	11/03/2005	44/05	21/02/2005	3.690,55
2005/592	17/03/2005	FG/348	11/03/2005	995,10
2005/701	05/04/2005	2004/5129	04/04/2005	118,46
2005/713	08/04/2005	50/05	01/03/2005	4.122,30
2005/714	08/04/2005	62/05	01/04/2005	2.777,11
2005/717	08/04/2005	65/05	01/04/2005	1.177,99
2005/880	20/04/2005	0-14227	31/03/2005	2.992,80
2005/896	22/04/2005	61	20/04/2005	3.422,00
2005/897	22/04/2005	62	20/04/2005	11.543,52
2005/902	14/04/2005	A/250243	29/03/2005	974,40
2005/908	26/04/2005	A/500327	19/04/2005	101,79
2005/1007	09/05/2005	81/05	02/05/2005	5.512,04
2005/1026	11/05/2005	030/2005	28/04/2005	11.727,58
2005/1057	16/05/2005	84/05	09/05/2005	4.612,72
2005/1068	19/05/2005	017/2005	21/02/2005	4.578,68
2005/1069	19/05/2005	018/2005	21/02/2005	3.541,31
2005/1162	23/05/2005	83/05	09/05/2005	7.303,55
2005/1165	23/05/2005	91/05	16/05/2005	10.766,63
2005/1166	23/05/2005	92/05	20/05/2005	2.042,23
2005/1186	25/05/2005	38.480	25/05/2005	5.800,00
2005/1217	30/05/2005	94/05	23/05/2005	4.039,03
2005/1228	31/05/2005	39/05	20/05/2005	5.130,64
2005/1333	17/06/2005	37/05	15/06/2005	1.365,32
2005/1337	17/06/2005	20.050.251	19/05/2005	10.343,84
2005/1365	21/06/2005	99/05	01/06/2005	2.551,79
2005/1367	21/06/2005	340	30/04/2005	2.833,88
2005/1390	28/06/2005	INM/01/2005	20/06/2005	4.808,10
2005/1391	29/06/2005	VFP/30104371	20/06/2005	9.637,12
2005/1417	08/07/2005	105/05	01/07/2005	7.287,62
2005/1418	08/07/2005	109/05	01/07/2005	11.776,27
2005/1419	08/07/2005	110/05	01/07/2005	4.333,62
2005/1582	01/08/2005	38.497	29/04/2005	5.815,08
2005/1593	11/07/2005	257-1/5 F	23/05/2005	29.287,00
2005/1596	11/07/2005	25.790.050.000.252	19/05/2005	1.306,97
2005/1601	12/07/2005	2005/97	12/07/2005	5.604,86
2005/1603	12/07/2005	2005/98	12/07/2005	3.496,50
2005/1608	13/07/2005	104/05	01/07/2005	12.000,00
2005/1610	13/07/2005	112/05	08/07/2005	16.932,45
2005/1611	13/07/2005	114/05	08/07/2005	4.582,00
2005/1613	13/07/2005	113/05	08/07/2005	5.337,28
2005/1614	13/07/2005	115/05	08/07/2005	2.735,96
2005/1765	28/07/2005	118/05	18/07/2005	2.992,67
2005/1784	21/07/2005	59/05	11/07/2005	1.164,81
2005/1785	21/07/2005	60/05	11/07/2005	958,02
2005/1786	21/07/2005	61/05	19/07/2005	1.891,06
2005/1787	21/07/2005	62/05	19/07/2005	1.631,39
2005/1789	21/07/2005	7	15/07/2005	278,98
2005/1875	04/08/2005	522	18/07/2005	3.060,08
2005/1876	04/08/2005	1-507	31/07/2005	1.653,00
2005/1877	04/08/2005	38.483	04/08/2005	6.507,60
2005/1885	05/08/2005	9	29/07/2005	2.917,40
2005/1903	09/08/2005	FA214	08/08/2005	696,00
2005/1905	09/08/2005	63/05	29/07/2005	6.586,96
2005/1906	09/08/2005	64/05	29/07/2005	2.223,00
2005/1907	09/08/2005	65/05	01/08/2005	2.030,49
2005/1908	09/08/2005	66/05	01/08/2005	1.317,67
2005/1912	11/08/2005	A/321	28/07/2005	1.051,65



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

2005/1929	11/08/2005	175	05/08/2005	11.499,95
2005/1930	11/08/2005	176	05/08/2005	10.903,42
2005/2003	17/08/2005	9.947	12/08/2005	572,09
2005/2015	17/08/2005	38.487	13/08/2005	11.600,00
2005/2016	17/08/2005	38.488	14/08/2005	5.220,00
2005/2017	17/08/2005	38.489	14/08/2005	5.800,00
2005/2019	18/08/2005	10	18/08/2005	754,00
2005/2026	26/08/2005	G0007765	18/08/2005	2.973,26
2005/2035	23/08/2005	2.878	16/08/2005	609,90
2005/2043	23/08/2005	001-01-00819	31/07/2005	512,84
2005/2067	26/08/2005	38.499	26/08/2005	8.700,00
2005/2071	31/08/2005	FG/3698	30/08/2005	2.250,00
2005/2091	05/09/2005	381	11/07/2005	3.495,40
2005/2092	05/09/2005	382	11/07/2005	432,66
2005/2100	05/09/2005	E-00061	31/08/2005	115,05
2005/2112	06/09/2005	67/05	17/08/2005	1.619,36
2005/2114	06/09/2005	69/05	22/08/2005	12.302,12
2005/2115	06/09/2005	70/05	22/08/2005	1.410,10
2005/2116	06/09/2005	71/05	22/08/2005	806,20
2005/2118	06/09/2005	73/05	23/08/2005	232,96
2005/2137	06/09/2005	41	29/07/2005	730,08
2005/2154	08/09/2005	54/2005	07/09/2005	1.673,18
2005/2155	08/09/2005	A/66	02/09/2005	8.212,22
2005/2161	08/09/2005	FV/0001238	23/08/2005	1.404,10
2005/2168	09/09/2005	9.953	31/08/2005	1.150,72
2005/2207	12/09/2005	2.609.660	31/08/2005	417,60
2005/2208	12/09/2005	2.610.025	31/08/2005	657,72
2005/2209	12/09/2005	2.610.390	31/08/2005	274,97
2005/2210	12/09/2005	2.610.755	31/08/2005	570,91
2005/2211	12/09/2005	2.611.121	31/08/2005	208,80
2005/2214	12/09/2005	5.096	03/08/2005	499,96
2005/2215	12/09/2005	205.033	19/08/2005	220,88
2005/2216	12/09/2005	205.034	29/08/2005	73,63
2005/2217	13/09/2005	29	08/09/2005	1.646,04
2005/2221	13/09/2005	33	09/09/2005	697,17
2005/2232	08/09/2005	014.07.05.0861	01/07/2005	1.892,49
2005/2236	08/09/2005	F05/914	30/07/2005	84,74
2005/2237	08/09/2005	F05/915	30/07/2005	60,55
2005/2242	08/09/2005	F05/920	30/07/2005	108,87
2005/2252	13/09/2005	1039/05	10/08/2005	337,56
2005/2256	14/09/2005	432	03/08/2005	5.450,00
2005/2264	15/09/2005	2	15/09/2005	653,80
2005/2279	16/09/2005	13	14/09/2005	626,40
2005/2295	20/09/2005	001-01-00958	31/08/2005	414,12
2005/2296	20/09/2005	443/2005	12/09/2005	18.000,00
2005/2331	29/09/2005	15	20/09/2005	1.676,20
2005/2338	29/09/2005	05/401	28/09/2005	29,96
2005/2339	29/09/2005	05R/353	28/09/2005	50,00
2005/2340	29/09/2005	05R/354	28/09/2005	17,92
2005/2454	30/09/2005	4	22/09/2005	650,00
2005/2456	03/10/2005	6EV9378 M	01/10/2005	630,11
2005/2495	03/10/2005	A/122/05	03/10/2005	134,56
2005/2527	06/10/2005	FA256	29/09/2005	580,00
2005/2534	07/10/2005	9.920.422	03/10/2005	3.480,00
2005/2546	07/10/2005	9.979	30/09/2005	965,12
2005/2547	07/10/2005	9.980	30/09/2005	449,38
2005/2552	07/10/2005	20.050.426	22/07/2005	155,58
2005/2553	07/10/2005	20.050.508	20/09/2005	78,51



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

2005/2554	07/10/2005	20.050.540	06/10/2005	192,56
2005/2555	07/10/2005	20.050.541	06/10/2005	540,68
2005/2566	05/08/2005	200.509	22/07/2005	10.913,28
2005/2567	20/10/2005	FA270	10/10/2005	125,28
2005/2571	24/10/2005	14	23/09/2005	580,00
2005/2584	19/10/2005	CM5/3	23/08/2005	185,82
2005/2585	19/10/2005	R/5837	16/09/2005	143,00
2005/2586	19/10/2005	1340/1	19/10/2005	544,63
2005/2587	24/10/2005	17	17/10/2005	835,20
2005/2588	24/10/2005	2005/2268	30/09/2005	11,60
2005/2590	28/10/2005	33/05	28/10/2005	580,00
2005/2591	25/10/2005	053/2005	17/10/2005	2.214,14
2005/2592	25/10/2005	054/2005	17/10/2005	5.466,25
2005/2593	25/10/2005	055/2005	17/10/2005	3.800,69
2005/2594	25/10/2005	056/2005	17/10/2005	808,46
2005/2596	25/10/2005	058/2005	17/10/2005	3.224,43
2005/2598	25/10/2005	060/2005	17/10/2005	16.439,24
2005/2605	25/10/2005	067/2005	17/10/2005	651,31
2005/2617	24/12/2005	72	14/10/2005	376,46
2005/2618	24/12/2005	4.050	11/10/2005	113,96
2005/2619	24/12/2005	803	03/10/2005	135,34
			TOTAIS	478.834,77

Comunicar o presente acordo ao Departamento de Intervención municipal para a súa tramitación.

9º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA.

O Sr. Alcalde dá conta dos Decretos asinados dende o último Pleno ordinario, os cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete) acorda darse por informado dos Decretos da Alcaldía.

ASUNTOS URXENTES

Polo Sr. Alcalde, antes de pasar á quenda de rogos e preguntas, de conformidade co disposto no artigo 91.4, do R.O.F, maniféstase a súa intención de someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia

1º.- SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL-S.A. PARA O DESENVOLVEMENTO COMARCAL DE GALICIA SOBRE O USO POLO CONCELLO DE VIVEIRO DUNHA PARTE DO ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS DO CENTRO DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA MARIÑA OCCIDENTAL.

Polo Sr. Alcalde dáse lectura da proposta.

Aberta a quenda de intervencións non se produce ningunha, polo que se procede a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación, co voto favorable dos seus membros (17), por unanimidade, acorda aprobar a proposta da Alcaldía, que a seguir di:



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

O Concello de Viveiro acordou no seu día (Sesión extraordinaria e urxente do Pleno 28/4/1998), poñer a disposición da Consellería da Presidencia e Administración Pública, unha parcela de 5.000 m². situada nos terreos de Lodeiro, desta Cidade, para a construción dun Centro de Desenvolvemento Comarcal.

Polo Grupo de Goberno considérase conveniente contar con máis estacionamento no Casco Urbano de Viveiro; especialmente naquelas zonas de expansión da Cidade onde a construción de novas edificacións adicadas a vivenda xunto coas de carácter dotacional fan necesaria esa disponibilidad. Unha destas zonas é a de Lodeiro, na que existe un parque infantil de xogos e se sitúan entre outros servizos, a Gardería municipal, o Centro de Saúde e o propio Centro para o desenvolvemento comarcal da Mariña Occidental. Este último dispón para o seu uso exclusivo dunha ampla superficie adicada a aparcadoiro de vehículos, do que non se están a utilizar unha parte das súas prazas.

Por todo isto, se propon á Consellería do Medio Rural:

1.- A reversión ao Concello de Viveiro dunha parte do estacionamento do Centro Comarcal da Mariña Occidental, para ser usada e disfrutada de novo por este Concello. Concretamente a que discorre a partir da Barreira 2 do Plano que se achega, na zona situada na parte posterior do dito Centro.

2.- A asunción polo Concello de Viveiro no momento da materialización desa reversión dos custos do mantemento e a vixianza da Zona de novo disfrute.”

Comuníquese o presente acordo á Consellería do Medio Rural.

10º.- **ROGOS E PREGUNTAS.**

Polo Voceiro do PP, D. César Aja Mariño formulanse os seguintes rogos e preguntas:

1.- Cando está previsto arranxar a pista de Soutullo de Abaixo?.

Polo Sr. Alcalde se resposta que se está a facer unha recopilación das obras máis urxentes cara a levar a cabo un plan de emerxencia.

2.- Quen explota o Camping actualmente?.

O Sr. alcalde resposta que o seguen a xestioar os mesmos que o levaban.

3.- Onde se está a expoñer o Proxecto de Peatonalización do Paseo de Covas?.

Pola Alcaldía se dí que neste Salón de Sesións.

4.- Que se está a saber sobre a Residencia da Terceira idade?.

O Sr. Alcalde dí que tivo unha reunión hoxe na cidade da Coruña, que está por pechar có IGAPE a subvención.

5.- Muro de San Francisco, ¿solicitouse permiso a Patrimonio?.

O Alcalde resposta que se solicitou permiso e subvención e que se pretende volver á escalinata semicircular, se con esta se poden baixar os Pasos grandes da Semana Santa.

6.- Farolas da Ponte, ¿vânse amañar?.

O Sr. Alcalde dí que no día de mañá ven o Delegado da Consellería de Ordenación do Territorio, Obras Públicas e Vivenda e que se pretende dispoñer de sistemas de protección de peóns na ponte da variante e renovación do alumeadado custeado pola dita Consellería.



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

Seguidamente polo Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño se formulan os seguintes rogos e preguntas:

1.- ¿Cando se vai a arranxar o acceso a Barbeito?. Indica que xa se interesou por dito asunto noutras sesións e que cada vez está peor.

Polo Sr. Alcalde se contesta que vai no plan de actuación do mes de decembro.

2.-Vivendas sociais de Covas. ¿Que se vai facer?

O Sr. Alcalde resposta que ten prevista a visita do Delegado da Consellería o día 20 ás doce horas, para entre outros asuntos da competencia da dita Consellería, ver os seguintes casos:

Vivendas do Pedregal, algunhas que se adxudicaron nos anos 2003-2004 se atopan sen calefacción.

Ausenza de títulos de propiedade de vivendas do Pedregal, falta cobramento do IBI.

A Alcaldía remitíu documentación dunha serie de casas en ruína e solares para a posibilidade de rehabilitación ou construción de vivendas sociais.

3.-Hai meses que se falou pola Alcaldía dunhas xornadas de senderismo, que a data de hoxe non se realizaron. ¿Hai previsión ao respecto?

O Alcalde indica que non son xornadas de sendeirismo, que son da Federación Galega de Montaña. Que por problemas de axuste orzamentario -4000€ para sinalizar as rutas- non se levaron a cabo e que espera que no próximo ano se poidan facer.

4.- ¿Cando se van colocar os bolardos que faltan?

O Sr. Alcalde resposta que se atopan encargados un número de 150 bolardos. Que ata a data de hoxe soamente entregaron 20, sinalando que se pensaba facer unha illa no ALDI. Que os primeiros que se colocarán serán os que se sitúen na beirarrúa da Residenza Betania.

5.-Hai unhas datas reuníronse en Xunqueira polos problemas da auga e se falaba dunha entrevista con augas de Galicia.

O Alcalde sinala que como xa dixo, no día de mañá virá o Delegado da Consellería e fixará a data.

6.- Comprouse unha embarcación segundo figura nunha acta da Xunta de Goberno, se pregunta porque o asunto non se tratou nunha Comisión Informativa de Facenda.

O Sr. alcalde dí que esta situación dáse cun barco -A Pomba- que na súa clase se di, é o máis bonito. Que o prazo para proceder AO desguace é moi breve. Que cando veña para o Concello non se poderá adicar ás tarefas de pesca. Que a idea inicial era colocar en terra pero consideraron que era unha pena que non estivera na auga.

7.- O recinto do mercado de Verxeles atópase intratable. O deterioro que existe é tal que está sucísimo, acumulándose dez ou doce vehículos deteriorados, non sabe se son os que teñen que ser retirados por abandonados...

O Alcalde indica que unha vez que se retiran polo Concello teñen que estar un mes en depósito e se non os deron de baixa, ten que ser o Concello o que faga o trámite.

8.- No camiño vello, fronte Os Molineros hai unho sen rodas...

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as vinte e tres horas e quince minutos , estendéndose de todo o tratado a acta, da que eu Secretaria, dou fe.